


**APORTACIÓNS PARA UN VOCABULARIO  
DA FLORA E DA FAUNA NO "TERRA CHA"  
DE MANUEL MARÍA**



**XOSÉ LOIS GARCÍA**

APORTACIÓNS PARA UN VOCABULARIO  
DA FLORA E DA FAUNA NO "TERRA CHA" DE MANUEL MARÍA

XOSÉ LOIS GARCÍA

Non é difícil a pesquisa sobre a flora e a fauna galega na poesía de Manuel María. O "Terra Cha" non é o primeiro libro privilexiado en conter acentos botánicos e zoolóxicos. A idea do poeta, en introduccir todo aquilo que observou e formou parte da súa vida e das súas emocións, ten unha transcendencia notábel nas formulacións líricas que emanan dese meio ao cal pertence e viviu o poeta. Non diremos que Manuel María é un poeta bucólico ou da paisaxe, simplemente sírvese dela porque é o recorrente que lexitima as súas accións e os seus acentos. Con palabras máis axustadas, diríamos: un home da terra. E se é un home da terra, sen artiluxios, verificaremos que o demais só lle ven por engadidura.

Todo isto o observamos no seu primeiro libro: "Muiñeiro de brétemas" (1950) e nos poemas titulados: "Pregaria dos dazanove anos", "Poema do estravío", "Horizontes" e "Oración perto do meu muiño", e neles atopamos os seguintes nomes da flora: centeo, castiñeiro, noqueira, toxo, carqueixa, codeseira, figueira, romeo, caravel, amieiro malva, salgueiro, carballo, piñeiro, xunco, abelaira, trigo e abidueira. O mesmo acontece na orde da fauna.

Isto quer dicir que o poeta xa tiña asimilado e asumido todo ese largacío horizonte da Chaira nativa, matizando particularidades de entornos diversos dentro do mesmo contexto. As cousas que o estremeceron e o sorprenderon, sen él sabelo, dendes a máis tenra idade, quixeron un día saír da mente e do corazón para confesarlnos o segredo como o poeta tiña sido moldeado e apreixado por todos estes elementos da natureza, e desa sorpresa saíron as veracidades das cousas que o suxestionaron. Manuel María o ollamos como se florecese nesa abidueira, ou fungase co son do vento entre carballeiras. Semella que él é a medida xusta desa revelación dos arboredos e dos animais que, para moitos, aínda estamos sen cruzar esa barreira que nos priva de entender o misterio humano dendes a outra banda para introducirmos na esencia máis íntima das cousas como o ten feito o poeta que nos ocupa.

A flora e a fauna que atopamos no "Terra Cha", non é un tratado caprichoso ou exhibicionista que o poeta queira mostrarnos. Pensamos que hai outros libros onde podemos atopar o resto da flora e da fauna que aquí non observamos. Tamén notamos a faltar especies tan determinadas da flora como as populares xestas e outras especies; na fauna faltan especies importantes, do entorno doméstico, como pode ser o gato, a cabra e a ovella, quizais na casa de Hortas non tiveron estes animais. A popular rula e a perdiz chairega son aves que notamos a faltar. Non estamos esixindo a presenza de todos porque o "Terra Cha" non foi concebido como un libro botánico ou zoolóxico, só é un

libro que nos comunica un evento: o da presenza do poeta nestes eidos onde as árbores e os animais son un indicativo desa mensaxe, dese emblema e un símbolo que no troco cíclico dun espacio e dun tempo, sempre en mudanza, o poeta é unha especie de cronista onde as cousas adquiren atribucións metafísicas, gracias a interpretalas dendes o lado da poesía.

As suxerencias da flora e da fauna que nos dá o poeta, neste seu libro, non sempre foron postas aquí para expresar ou revelar o sentido das cousas ou crear sentimentos ao redor delas, moitas veces aparecen árbores e animais só coa funcionalidade de construír o verso ben medido e ben rimado.

No que respecta a este noso traballo, certamente lixeiro, as interpretacións que nós facemos están formuladas, especialmente, dendes o noso punto de vista e en nada implica a verdadeira versión do poeta. Neste sentido, quixemos ser fideis ao texto nas pesquisas para ter a medida e a proporción da mensaxe que Manuel María nos emite.

Neste sinxelo traballo interprétanse certas claves realistas e metafóricas destas dúas materias que escollemos coa intención de abrir un diálogo con esas especies da flora e da fauna e, sobre todo, retomar o tempo e o espacio dun suxestivo contexto como é o da Terra Cha.

As citas que aquí damos pertencen ao "Terra Cha" publicado en

1989 por "Edicións Xerais de Galicia" (Biblioteca das Letras Galegas). Para o seguimento desta lectura suxerimos a debandita edición.

### F L O R A

**ABELAIRA.** Esta árbore escasea en Galicia, mais en tempos medievais había grandes bosques tal como testemuñan varios trovadores desta época e sobre todo o gran Airas Nunes. As abelairas aparecen no "Terra Cha" como indicativo da beleza das mozas chairegas onde o poeta lles atribúe as cores das abelairas (páx 48), "e os seus ollos da cor das abelairas". Debe referirse o poeta á cor vermella dos dous estigmas.

Outro dos atributos que Manuel María referencia na abelaira son os ollos. Aquí hai unha graduación xerárquica referente á Virxe do Monte e ás mozas chairegas. Na páx 87, dice sobre esta Santa:

"Estás ollando amorosa  
con olliños de abelaira".

A evocación e os atributos que o poeta nos desvela, sobre as mozas chairegas, no poema "Rapazas" (páx 106), volta a falar dos ollos de abelaira. Outro dos atributos que o poeta impón a Vilalba é que ten a gracia da abelaira. E na homenaxe aos poetas da Terra Cha coloca e visiona ao poeta vilalbés, Chao

Ledo, debaixo dun abelanedo (páx 111), que dice:

"¡E baixo un abelanedo  
o seu cantar escoitei"...

Neste caso, non sabemos se Manuel María é consciente ou non da simboloxía da abelaira e o que ten significado para certos povos. A visión galega sobre a abelaira contén certo trasfondo do simbolismo suevo que entronca coa cultura xermánica. O fruto das abelairas ofrendábase nos casamentos de toda a Suevia como símbolo de pureza e por estar o fruto gardado na casca, e, tamén, como elemento reproductor. Cando era consumado o matrimonio a desposada ofrecía abeláns durante tres días. Pensamos, pois, que Manuel María fai todo esta evocación dos ollos gratificando ás chairegas co símbolo desta atracción procreativa. Aínda que no aspecto da fertilidade tamén está incidindo na cultura celta que, neste sentido, venerábase a esta árbore.

**ABENEIRO.** O poeta menciona a esta árbore con este nome e co de amieiro. No poema "Abeneiro" (páx 178), atopamos oito versos cargados desta visión delicada que pon nesta árbore e que él coñece moi ben na beira dos grandes ríos da Terra Cha e no regato de Cepelo. Hai calificativos de grato recoñecemento e de profunda estima, cuíñas pinceladas van máis alá do xa confesado. Na páx 48, volta a mencionalo (amieiro) con esa cor de mel que se torna reiterativo na poema xa mencionado e, tamén na páx 74

fala da utilidade da súa madeira invertida en zocas e chinelas.

O poeta puxo seu énfase nesa cor de mel e, tamén, nese tronco esguío que se fertiliza mergullándose á beira do canle dos ríos. Esas froles masculinas que reventan en outono cando as outras árbores se despeden e se despoñan delas, teñen un significado íntimo, para o poeta, dado que él nasceu en no mes de outubro. Neste caso, o atractivo pode que lle sexa singular.

**ABIDUEIRA.** Esta *Betula* celtibérica ten para Manuel María unha importancia significativa no "Terra Cha" pola súa beleza, simbolismo e funcionalidade. Na páx 47 chámalle xentil e lanzal; na páx 65 menciona a gracia da abidueira refrexada en continua danza sobre os ríos Madalena e Ladra; na páx 75 exterioriza, o poeta, toda a funcionalidade da abidueira como materia prima das zocas chairegas e que él a menciona catro veces neste poema como: "A gracia da abidueira", "a abidueira lanzal", ou:

"A zoca xa é canción  
delgada como asubío  
que aprendeu a abiduíra  
dos melros de xunto ó río".

Por último, dice:

"Fíxose zoca chinela

a gracia da abidueira".

Na páx 79, volta a darlle a Vilalba o atributo da cor de abiduíra. O poema da páx 116, dedicado a outro poeta chairego, Xosé María Díaz Castro, atribuielle ao poeta esa "mensaxe, senlleira e acendida" da abiduíra. Esta mesma atribución concédella á poetisa chairega, Carmiña Prieto Rouco, (páx 117) que a compara coa abidueira. Aínda que neste caso a abidueira a utiliza para rimar con "verdadeira".

No poema: "A Abidueira" (páx 177) fálanos da orde física e como se convirte en zoca cruzando lamazares. Todo un significado que pon énfase na brancura e na altitude que fende o ceo só para soñar. Estamos ante unha visión que o poeta ten feito baixo esta árbore só para contemplala e neses finísimos e delicados estambres, nos erguidos amentos quizais o elevase a contemplar o alén dun espacio azuado para soñar.

A gran utilidade que noutros tempos idos prestou a abidueira ás artes domésticas foron de gran alcance: cuncas, culleras, garfos e outros utensilios da Galicia labrega llo debemos a esta árbore.

A Abidueira, noutras culturas europeas e orientais, era unha árbore sagrada, unha especie de fogar cósmico, cúa altivez simboliza varios espacios e niveis celestes. Por iso non é estraño que Manuel María nos fale dese soño celeste. Estamos



ante unda árbore lunar e solar que xoga un papel importante na protección das persoas e tamén significa ser gardián das rutas fluviais e protectora das enerxías acuáticas. Na cultura celta, a folla caída da abidueira dedicábase para cubrir as cinzas humanas, como transformadora da vida noutros estadios do máis alá.

En toda a cultura céltica había a tradición de construír fochos coa madeira da abidueira para alcender flamas nupciais que aportarían felicidade, fertilidade e fidelidade.

**CARAVEL.** Aparece na páx 95, e dice del o poeta:

"Irei, ¡ai madre!, a Santa Isabel  
a buscar amiga como un caravel".

Nesta cantiga de corte medieval o poeta ten intención de ir á ermida de Santa Isabel, en Outeiro de Rei e á beira do río Miño, á procura dunha noiva cuia fineza, galanura, corido e ben tallada semelle á dun caravel.

**CARBALLO.** Manuel María toma coa referencia dos carballos e carballeiras a todo aquilo que él lle quer dar unha definición poderosa e duradeira, como esta: "e potentes carballos centenarios" (páx 48). O *Quercus robur* dos romanos atopa neste poeta a un dos seus millores observadores e difinidores, en termos líricos.

A outro poeta da Terra Cha, Darío Xohán Cabana, o define e compara co carballo porque a súa voz poética é forte e esguía, ao sinalar: "ten voz de carballo e vento" (páx 109). Na páx 112, Manuel María, anda á procura deste poeta pola aldea de Roás:

"¡Carballos e salgueiras  
falaban con voz humana".

Neste sentido, o poeta, tenta aproxímanos á medida dese poder que poden ter os carballos, no sentido transcendental, e que nos transfiren a voz dos elementos. Pode que o poeta nos leve a outro traxecto íntimo da natureza para particularizar o seu poder nos rexos e corpulentos carballos.

Voltando outra vez ao eloxio a Díaz Castro, chámalle: "¡carballo da Terra Cha, roca de Parga!" (páx 116). Con esta adxetivación quer dar un énfase de poder e permanencia constante exemplarizando o poderío dos carballos e das rochas, nunha analoxía incomparábel. Esta forteza a matiza no poema "O Carro" (páx 136:

"O meu carro e cerna dura:  
sábese carballo e freixo.  
Qué fermosa a súa feitura!  
¡qué lixeireza a do eixo!".

Dureza, fermosura e lixeireza son adxetivos que moi ben difinen a ese eterno vehículo de atracción animal que durou milenios en Galicia e, agora, foi suplantado polo tractor, como nos indica o poeta neste libro. Aquí aparece o carballo elaborado e transformado en carro de elegante feitura e de cantareiros e poderosos eixos que puxo tanta ledicia musical polas correidoiras labregas.

Na páx 156, en "Louvanza dos queixos de San Simón", Manuel María exemplariza a eses carballos resistentes rachando ventos afuracanados que os amaina dándolles a utilidade e a capacidade de curar os famosos queixos de San Simón. Aquí, ao carballo, tamén lle dá a prerrogativa de ser un instrumento musical que co vento produz murmurios. Outra vez esa dispoñibilidade de argumentar, enfaticamente, ese poderío capaz de toda inventiva.

Outro curioso poema, sobre os carballos, é o titulado: "Carballeira de Hortas", da propiedade da casa nativa do poeta, en Outeiro de Rei. Outra vez máis enfatiza, reiteradamente, ese poderío fronte ao vento, dándolles a dimensión de resistir: canto máis vellos máis rextos, cando dice na páx 173:

"Os carballos aos ventos non temían:  
;eran vellos, moi rextos e valentes".

Neses versos volta a incidir nesa carballeira dos Hortas manifestando a caste e, tamén, a fisonomía de caracochas

retortas e outros "direitos como fíos". Na coarta estrofa o poeta describe a eses "carballos bariles" como "limpos e dereitos, sen un nó", para despois vencellos á estirpe dos Hortas como se os carballos foran os continuadores de albergar toda a historia e as andanzas da familia. Veleiquí como o poeta sabe emancipar a súa caste por medio desa continuidade dos carballos que son os que sinten e contan os abriles, e dicir: o tempo. Como nos dice Crecente Vega: "É un carballo abó de centos de anos".

O poema clave dedicado aos carballos atópase na páx 176, co mesmo título, e ven a ser a síntese de todo o que ata aquí dixo sobre esta árbore. Neste poema, Manuel María, sabe conxugar cada unha das atribucións sostendo e incidindo no de "rexos", "potentes", "musicales", "loitadores", "valentes", "duros", "verdeados", "petrucios", "sedentarios", "chantados", "solemnes" e "centenarios". Na terceira estrofa dinamiza aos carballos invocándolles a "beleza", a "sobriedade", a "forteza" e a "eternidade".

Tamén as carballeiras teñen, neste poeta, un distintivo interesante que se expresa no poema homenaxe ao poeta vilalbés, Xosé-Luis García Mato, que lle chama "carballeira sagrada" (páx 118). Outra vez máis recolle o roxido do vento nos carballeiros (páx 162). Outra observación que fai o poeta sobre as carballeiras é cando as folepiñas de neve as cubren e sobre tanta blanchura o poeta expresa na páx 164:

"¡Montes e carballeiras  
semellan contos de fadas!"

Outra vez na carballeira dos Hortas, agora para laiarse da desaparición da carballeira e escrama: "¡Era, en verdá, fermosa a carballeira". Na última estrofa volta a reincidir e a manifestar a corpulencia desta colonia de carballos:

"Era a mellor carballeira que medrou  
en toda a Chaira. ¡Viñérona cortar!  
¡Nunca o vento máis forte a derrubou  
e unha serra abondou pra a derrubar!"

Tamén aparece como aposento e fogar de paxaros e dun de especial devoción para Manuel María, escoitemos:

"Óese pola carballeira  
o vello cuco souril".

A interpretación de Manuel María, sobre o carballo, é moi diversa a de Rosalia, Pondal e Cabanillas e, aínda, dos poetas chairegos, Aquilino e Crecente Vega. No poeta de Outeiro, a interrelación que fai entre o carballo e o ser humano vai máis alá desa valoración de ensalzar a esa rotunda paisaxe de carballos. Parece como se o poeta esculcase en tempos idos como o bardo celta que frecuentaba as carballeiras á procura da lira

do vento batendo nas toradas, caracochas, ponlas e follateiras de carballos. Como se o poeta transitara polo centro do mundo cando tomaba aposento no centro da carballeira de Hortas.

O carballo, para as culturas antigas, era sinónimo da forza e do centro e. por conseguinte, estaban investidos dos privilexios de Zeus e de Xupiter. Decíase que o Vellocino de ouro estaba gardado e suspendido nun carballo, como se estivera nun templo de sublimado valor.

Suliña Plinio o Vello que a relación etimolóxica entre home e carballo ten o mesmo significado. Para os celtas, os druidas tiñan o seu nome do carballo, séndolles a súa profesión sacerdotal realizada entre os carballo, como templo. O deus céltico Dagda esta consagrado aos carballos que, por outra banda, ven a simbolizar, na súa follaxe, a hospitalidade e a forza masculina que racha as tempestades e sobrevive fronte a forzas telúricas.

Neste caso, Manuel María, parece que está centrado en toda esa orde do sagrado e do poder ancestral que se veu verificando na cultura galega con respecto aos carballos.

En todas estas manifestacións hai que indicar que o poeta chairego sabe que a presenza do carballo, desde o berce que nos arrolou de nenos ata o ataude que nos recollerá de mortos, foi fundamental para toda a sociedade galega. Por iso, os

versos de Manuel María son concisos e gratificantes con respecto a esta árbore.

O carballo tamén é para Manuel María un símbolo das liberdades e da redención de Galicia, ennobrecendo aquela visión que Eduardo Pondal manifestou neste poema:

"Xentís e garridos  
carballos cerqueiros,  
que á beira do Dubra  
estades xemendo,  
estades bruando  
cos sopros do vento;  
certo, as vosas follas  
ben vexo caendo  
e outras follas novas  
teredes co tempo:  
os feitos dos celtas  
no olvido caendo,  
mais virán seus fillos,  
seus fillos non servos,  
que verán a gloria  
dos futuros tempos".

**CARPAZAS.** Unha das divisas con que Manuel María define á súa Chaira nativa e a de "povoada de ventos e carpazas" (páx 45). É verdade que esa inmensa paisaxe de monte raso da Terra Cha está

povoado, nun gran porcentaxe, de carpazas que dán unha certa austeridade a esa lúcida e monótona paisaxe gracias a este *Cistus hirsutus*. A benquerencia do poeta con esta planta o leva a mencionala sete veces e dunda forma lúdica e sentimental (páx 47):

"...montes sos,  
cubertos de pucharcas e carpazas".

A carpaza tamen a configura, o poeta, coas belidas mozas da Terra Cha (páx 106):

"Son mozas de moi bon ver  
coa humildade da carpaza".

Quizais esta humildade que lle protagoniza á carpaza sexa pola súa flor branca e as pétalas amarelas, dúas cores que Manuel María ven reiterando neste libro para darlle prerrogativas a santas e mozas da Terra Cha e, mesmo, manifesta no poema "Primavera" (páx 157), onde dice:

"Están tódalas carpazas  
co lilailo da súa flor.  
;No corazón das rapazas  
nacen cantigas de amor!".

E neste sentido, Manuel María, define á poetisa Prieto Rouco



como "carpaza florida". No poema: "Monte Raso" (páx 122), utiliza á carpaza para acentuar a soedade desta especie de monte ermo e, tamén, como a morada de laverças que sempre procuran aniñar, con preferencia, no rentechao das carpazas.

No poema: "Carpazas" (páx 182), o poeta volta a darnos a medida xusta deses "miles de milleiros" de carpazas que son capaces de transformar a chaira axudadas polas diversas témporas equinociaes da neve, ventisqueiro e sol. Este poema é un rotundo laio e, ao mesmo tempo, un sentido recoñecemento para con este arbusto sinxelo e soitario.

Tamén, á carpaza, a convirte no seu pranto e necesario cántico ennobecedor cando o poeta percorre a Chaira (páx 201) e que ven a ser o último poema con que se cerra o "Terra Cha", titulado: "Pranto pola Terra Cha".

**CARQUEIXA.** No poema: "Povos" (páx 61) aparece a carqueixa (*Halimium occidentale*, ou herba de ouro) definindo a soedade desa paisaxe de monte raso que ocupa certos espazos naturais da Terra Cha. Na páx 195 aparece un "carqueixeiro" ou carqueixal para darnos os sinais onde se atopa unha ermida abandonada. Penso que non se refire á de Santa Isabel, rodeada de carballos.

**CASTIÑEIRO.** Nótase que a Chaira non é terra de castiñeiros dado que o poeta só os menciona dúas veces no "terra Cha". Na páx

159, os asocia coa laboura máis importante do outono que é a varea e a apaña de castañas, que na miña terra de crianza máis non de nacencia: Chantada, ao mes de outubro chámasele o mes da castañeira, e nesta bisbarra localízase unha das culturas gastronómicas das máis antergas de Galicia.

Pensamos que a falta de mención a esta árbore, neste poemario, débese a que a Chaira pode que teña un castiñeiro "aquí e outro acola", como dice o poeta referíndose ao espallamento das aldeas chairegas.

Na páx 175 hai un poema titulado: "Castiñeiro", que o describe como soio e alonxano e, tamén, da unhas pinceladas realistas de toda a súa fisonomía:

"Ten a copa moi redonda  
e ten a casca enrugada".

Remata o poema eloxiando a dimensión, a forteza, a orfandade e as centurias de anos que asisten a estes nobres castiñeiros. Toda unha evocación a que fai dos carballos.

Que sería da cultura galega, que entendemos hoxe, sen o *Castanea sativa*? O castiñeiro mantuvo, por milenios, a tódalas a xeneracións galegas e impuxo nobre respecto -como podemos ver no poema de Manuel María- e, aínda, foi mitificado con certa expresión de santificalo como árbore sagrada; símbolo de

previsión, chantada no altar do chao, disposta a ofrendar seus frutos en outono, esta era a visión que tiñan os antergos celtas.

**CAXIGO.** Árbore cupulífera que en Galicia é coñecida e confundida con outros nomes. Moi abundante en soitarias serras da cal se facían caxatos para defensa propia pola noite, cando se andaba de noivado e había que cruzar longos ermos, como os da Terra Cha. Xustamente, o poeta, parece que o emprega para ir á festa da Virxe do Monte en Cospeito, en calidade de "romeiro" (páx 85).

**CEDRO.** Esta árbore non é autóctona, varias e raras individualidades que atopamos en Galicia proceden, normalmente, dos Estados Unidos e aínda que abundan en certos parques municipais non é normal a súa presenza no meio rural. Manuel María, canta no poema: "O cedro da horta da casa de Hortas" (páxs 70-71), ao seu cedro "lanzal e senlleiro" que, aténdonos á información que nos dá o poeta, o trouxo o seu avó dendes Pontedeume. O cedro da casa de Hortas é unha árbore que en todo Outeiro, quizais, era o espellismo da dignificación e distintivo da podente casa de Hortas. Manuel María, testemuña que este "Cedro xentil" foi unha especie de compañeiro e guardian "nos días da miña infancia". En todo o poema hai un exteriorizante énfase de por acertados calificativos de "árbore fermosa", "ponlas cantareiras", "pousada xeitosa" etc, etc. Para, aínda, xerarquizalo familiarmente, chamándolle irmao e

"xigantón". Os últimos versos dedicaos a salvalo dunha cruenta e teimosa depredación: "falaron de derrubarte" e se no caso de isto suceder, o poeta, pide que a súa madeira sirvalle de ataude.

Na páx 110, na homenaxe aos poetas da Terra Cha, o poeta Miguel Anxo Fernán Vello aparece, pola súa ática estatura, como prototipo do cedro: "forte e lanzal".

Realizando unha fácil aproximación da tentativa de Manuel María, no poema que dedica ao cedro, non é difícil observar a presenza dunha certa mística con que decora esa portentosa e umbría árbore. Cando menciona certos atributos do cedro está indo máis alá para adentrarnos na inmortalidade do noso ser; na existencialidade galega e, neste sentido, fainos lembrar aquel versículo de "O Cantar dos Cantares" 1, 17, que dice: "de cedro ten as trabes a nosa casa". Este texto deu pé a Oríxenes, ao escribir: "O cedro non apodrece; facer de cedro as vigas do noso lar, é preservar a alma da corrupción". Pois neste símbolo da inmortalidade xurde a intención do poeta no final do poema cando testemuña o seu autodesexo: que o cedro sirvalle de morada eterna.

**CENTEIO.** Outra das características da Terra Cha son eses enormes agros de centeo que Manuel María contemplou acotío e aquí o seu asombro e a súa sensibilidade nesta expresión de: "¡Ouh agros de centeo" (páx 48) que definen ben o seu sentimento por

este cereal en cada un dos procesos que él o ten visionado por estas "terras centeeiras" (páx 50), e "con recendo a centeeira" (páx 80).

O centeo, ese cereal de casa fartar, que tanto privilexiou aos galegos, o poeta entra no perfil e no aposento de tantos labregos que ofrecen recompensa ás catolicísimas deidades para que preserven o centeo ata que chegue a ser arquitectónica meda. Sobre todo a Santa Bárbara. Manuel María o fai ás virxes labregas dos Milagres de Saavedra e de Cela, nestes delicados versos (páx 85):

"Se o centeo non se apedra  
ofrecereime con vela".

Para dar outra exclamación triunfal (páx 132):

"¡Hai que dar gracias ó ceo  
que pintou ben o centeo!"

Mais o poema central dedicado a este cereal é o titulado: "Centeo" (páx 129), que explica todo o proceso que vai dendes outono ao verao, culminando certos aspectos estéticos que máis o teñen impresionado: "fino e delgado", "floreado", "amaiado" e "ondeado". No poema: "Pan" (páx 134), referíndose ao centeo, xenericamente os labregos lle chamaban ao centeo simplemente pan como aparece neste poema e na páx 131.

Neste sentido, o poeta reivindica a esa terra desolada, moura e soia como única é capaz de fecundar o máis fundamental e nutritivo da dieta galega: o pan centeo.

Tamén esas centeeiras floridas por onde as correidores o atravesaban e o poeta por elas peregrinaba, o estimularon fondalmente e lle produciron ese gozo, regocixo e ternura que manifesta no poema: "Tarde" (páx 169). Tamén aparece outra cita na páx 189 como morada do pazpallao, onde na grafía "centeio" introduce o "i" para rimar con "anceio".

Tanto no proceso de cultivo como no da recolección que se lle prestou en Galicia, noutros tempos, ao centeo pecha toda unha cultura e todas unhas tradicións que fixeron que este cereal fora un dos máis mitificados e sacralizados na nosa Nación. Cando entraba nas tullas ou nas arcas da casa faciánselle nove cruces; cando se pechaba o forno, ateigado de pan, faciáse unha cruz ou cando caía ao chao recollíase excramando a Deus e dándolle un bico, isto dá a dimensión do tratamento e da querencia do centeo e que, en Manuel María, aínda que non mencione estes rituais os fai adiviñar en todo este contexto.

**CERDEIRA.** Polas escasas referencias que Manuel María nos dá no seu "Terra Cha" presentimos que esta árbore escasea no seu Outeiro de Rei natal ou, quizais, non sexa unha árbore das súas preferencias. No poema: "Povo" (páx 60), a introduce para

significar a decoración de certas casas ou lugares ou simplemente para rimar con "eira". Na páx 187 busca na flor da cerdeira un aposento para o melro ou simplemente para rimar con "maneiras".

**FREIXO.** Manuel María, só fala da forteza do freixo como elemento fundamental, xuntamente co carballo, da utilidade e do servizo que presta ao eixo do carro e que, ao mesmo tempo, utiliza como rima na páx 136.

**HERBA.** No poema: "Prado de herba verde" (páx 141), non fala a nivel xenérico senón de unha maneira concreta da herba dos prados para mantencia do gando e en particular do bovino. Mais desta herba sustenta certo simbolismo que alcanza ao de Pero Meogo, Berceo e Jorge Manrique, que nos falan de herbas, pastizais, prados e de augas corredoras e cantareiras. Para Manuel María a evocación da herba e dos prados susténtase como a materia prima desa mantencia do gando e, en todo isto, hai un transfondo místico -si se quer- que infunde esa harmonía en que outros poetas falan dos prados. Sen esquecer a outross poetas da escola poética lagrega luguesa como Noriega, Aquilino e Crecente. Nas páxs 142 e 143 o tema segue sendo o mesmo, onde nos desvela a recolección e a forma de administrala ao gando.

**LIÑO.** Só dúas referencias ao liño que supostamente buscou para rimar con "Miño", na cantiga que lle dedica a Santa Isabel (páx 96) e con melriño na páx 187. Pensamos que Manuel María tivo

que coñecer, no seu Outeiro de Rei, as diversas maneiras de elaborar o liño e que tivo que contemplar en varias ocasións a molla do liño, os fiandóns, os debanadoiros e o tecer das varazas. Noutros poemarios, deste autor, o liño aparece con máis precisión que no "Terra Cha".

**MAZAIRA.** A mazaira aparece xunto á cerdeira na páx 60 e só ten un papel de identidade en certos espazos da casa ou da aldea, tal como xa referimos e que o poeta só a quixo situar nestes contextos espaciais. Noutros poemas de Manuel María (non do "Terra Cha") aparece o fruto da mazaira, as mazás, como arrecendo e perfume de armarios, así como noutros significados.

**MILLO.** "Traballos do ano" é un poema especie de calendario rural que lembra a sementeira de varios produtos e para designar a abril como témpora de millo sementar (páx 123). No poema: "Millo" (páx 127) lémbra-nos a calidade do terreo que admite este produto e das variedades, con diversos resultados para o produtor. Para significar as prioridades que se dan na Terra Cha na ceba de capóns e como alimento de persoas e animais. En si, fai unha valoración plenamente economicista.

**NABO.** No poema: "Os nabos" (páx 135), o poeta fai outra descripción formal sobre o traballosa que é a sementeira e a recolleita dos nabos, para introducirmos na orde alimenticia deses "finos grelos": luxuriosa comida de pobres e de señores de pazo, sendo o carolo aproveitado para alimentar o gando. Na



páx 123 sinala que o agosto mollado é o tempo de sementar os nabos desa nabiña recollida por San Xoán, tal como se menciona na mesma páxina.

**PATACA.** No poema: "Patacas" (páx 128) estamos, outra vez, na utilitaria descripción de todo un proceso de sementeira, recolleita e, tamén, do valor que a pataca ten na sociedade galega e, en particular, na chairega. Tamén describe as diversas castes e grados de rentabilidade. Na páx 50 aparecen os povos productivos de patacas como Xustás e Gaibor; nas páxs 123-124, no seu calendario de traballos, o poeta lembra a sementeira en marzo e a recolleita en setembro.

**PIÑEIRO.** O poeta Manuel María sente pouco aprecio polos piñeiros que outrora cantara D. Dinís; polas súas colonias afastadas de outras árbores de maior produto e de millor ver. O poeta, apesares de admirar esa verticalidade, non parece contentarse nese rumoroso canto fúnebre. Estas colonias ou *gettos* e que Noriega lles chamou "mouro piñeiral", crean un ambiente triste e desolador, diverso ás acolledoras frondosidades dos castiñeiros e dos carballos que conviven preto do hábitat aldeán. O sentimento do poeta evidencia as súas preferencias, aínda que deixa constancia dos piñeiros na páx 48, formando parte do seu gran mato. Pura Vázquez, tamén, manifestou este sentimento de medo entre os piñeiros, cando dice:

"Detrás dos pinos  
hai unha sombra:  
-Miña mai, ¿será o lobo  
ise que rolda?  
Rolda roldando,  
vai o lobo chegando"...

**ROSA.** "¡Florecen en min as vosas rosas!" (páx 58), escrarece o poeta, para sulñar esa alianza e unión primordial entre home e terra. Sen ser así, o poeta, pouco captaría dos misterios que o seu universo ofrece e, veleiquí, como manifesta na rosa, esa flor que tantos estados de ánimo nos ofre e tanta simboloxía retén e que Manuel María tanto a ela se achega.

No "Madrival a Vilalba" (páx 81), atribuielle á capital da Chaira ser "rosa florida"; á escultura de Víctor Corral a califica de ser "pura como a rosa" (páx 115); Carmiña Prieto Rouco é "recendente e calada como a rosa" (páx 117).

Este esplendor con que Manuel María atribúe a certas persoas e cousas coa rosa, trainos á memoria aquela visión que Dante tiña da rosa e que plasmou no "Paraíso" XXX, 124-127:

"Pró marelo da rosa sempiterna  
que se engrada e dilata e arrecende  
con loubores ó sol que sempre verna".

Aínda que ese centro, en Dante, fiquen en Deus, para Manuel María no centro da rosa metafísica estamos e rodamos todos e, como en "Roman de la Rose", xiramos todos. E aínda nas atribucións que Manuel María fai desde diversas esferas, en todas elas hai un certo misticismo, ou polo menos unha relación cun renacemento místico neses emblemáticas as alusións que él fai á rosa.

Parece ser que no poeta chairego hai un don de pureza e de amor que se introduce fondalmente nese simbolismo que se ten manifestado sobre a rosa e que acaba, en Manuel María, esa expresión rexeneracional das cousas e das persoas en comparanza coa metamorfose da rosa.

**SALGUEIRO.** O *Salix atrocinerea* dos romanos aparece citado no "Terra Cha", tres veces, de diversa frecuencia e tensión. Na páx 48 aparece nese xardín botánico do poema: "Canto á Terra Cha", onde simplifica a evocación das cousas que pode que transcendan, para o poeta, con máis solemnidade. O salgueiro "fala con voz" (páx 112) cando o poeta ía a Roás á procura do poeta Darío Xohán Cabana. Na páx 181, no poema: "Salgueiro", aparecen dúas partes definidas en cada unha das dúas estrofas: na primeira describe o espazo físico do cal trata e, na segunda, evoca súa potente e arrogante feitura sendo agarimado polos ventos e polas aves que lle ofrendan ternura.

O salgueiro era a árbore que os hebreos tiñan que enarborar na

festa dos tabernáculos durante sete días, así o recomendou Moisés: "...ramallos de árbores frondosas e de salgueiros dos regatos; folgaredes diante do Señor, o voso Deus, durante os sete días". Como podemos ver, o Antigo Testamento transmitiulle á cultura occidental este símbolo de pureza que obstenta o salgueiro. Nesta pureza enmarcada na evocación do poeta chairego que soupo retratar esa elegancia rítmica da estética do salgueiro, él vai máis alá ao darnos estas descripcións farmais dese orde cíclico de renovación das cousas que esta árbore representa.

**SILVA.** Na páx 187 do "Terra Cha", aparece a silveira como morada e escondite do melro e na páx 108 fala da "fereza dos espiños", non sabemos se Manuel María si se refire aos desta especie ou aos do toxo, caravel ou cardo.

**TOXO.** Na páx 180, está o poemiña: "O toxo", de tres versos, que simplifica as espiñas e as "sorrisas mareliñas" da flor do toxo cando acada a primavera. En semellantes acentos maniféstase Noriega Varela no poemario: "Do Ermo" e no poema: "As froliñas dos toxos:

"Dos toxales as tenues froliñas,  
que sorríen, a medo, entre espiñas".

Boas e felices sorpresas -supoñemos- lle teñen dado a Manuel María esas largacías toxeirias en flor de primavera que povoan

determinados espacios da Chaira.

**TRIGO.** O trigo era moi minoritario na maioría das bisbarras labregas de Galicia por reclamar unha laboura moi esmerada e artesanal na súa limpeza. Máis o poeta recomenda sementalo en marzo (páx 123). O poema: "Trigo" (páx 133), está dedicado integramente a este cereal, límitase o poeta a darnos a crónica da súa elaboración dendes o muiño ao forno, para despois sacralizalo, nestes versos:

"Despois de o enfornar,  
¡Deus, a este pan, ha de baixar!".

O poeta ponnos nesa orde mística, trasgredindo a súa materia para elevalo en transmutancia divina tal como se expresa no misticismo eucarístico. Na páx 169, o vento que ondea o trigo fala co poeta cousas do seu oficio.

Outro poeta chairego como Aquilino Iglesia Alvariño, nese arreo místico, tamén dixo:

"E no medio dos trigos  
han de nacer brazados de cantares".

**VIMBIO.** Pode que o poeta, pola flexibilidade do vimbio describa os corpos lanzais e ben tallados de soldadeira ás mozas chairegas para imaxinalos como este arbusto (páx 106).

**XUNCO.** Na páx 181 aparece o "xuncal" sen nengún atributo e funcionalidade, só para rimar con "salgueiral".

## F A U N A

### Aves

**ANDURIÑA.** Esta raiña, dona e señora das acrovacias aparece no "Terra Cha" citada catro veces. Nunha delas, o poeta, a contempla apousada no cedro da casa de Hortas (páx 71). Do Guedelliñas, pseunónimo de Xosé-Luis García Mato, compara os seus versos co chiar das anduriñas (páx 114). E na páx 118 chámalle, a este poeta vilalbés, "namorado pastor das anduriñas". Nestes apelos que fai Manuel María non sabemos se é consciente deles, cando entra nesa dialéctica mítica sobre a anduriña que nos ven dendes Homero e que, na súa "Odisea" XV 72-74, refire esa hospitalidade que hai que ter coas anduriñas ao concederlles esa liberdade de entrar e saír no fogar e que o poeta chairego refrexa nese "chiar" acolledor con que él recibía os versos de García Mato. Manuel María está lonxe daqueles pitagóricos que desbotaban o asentamento das anduriñas nos fogares por consideralas paroleiras e de mal agoiro, tal como manifesta Aristóteles en "Ética a Nicómaco". O mesmo acontecía con San Antonio de Lisboa ou de Padua que as

consideraba como distintivo demoniaco.

En Manuel María, sobre este tema, hai algunha marca dos tratadistas antigos sobre bestiarios e que podemos aproximalo a Eliano, do século III, que na súa "Historia dos animais", sulina: "Polo visto, a anduriña pregoa a chegada da primavera. É amiga do home, e ten complacencia en habitar baixo o mesmo teito". Se a isto engadimos o que dice Manuel María na páx 157, aínda estamos máis próximos:

"¡Xa chegou a Primaveira  
no bico das anduriñas!",

Con este exemplo, estamos no punto de partida das manifestacións homéricas e elianoístas, dado que a anduriña é portadora dun troco de temporalidade e de renovación das cousas e, tamén, do diálogo entre os seres humanos por meio dese "chirrar". E todo isto o vencella, o poeta, coa tradición cultural galega que se ten sobre a anduriña, como a portadora da xerminación estacional e na casa onde ela constrúe o niño os seus moradores son visitados pola fartura e pola boa anada.

Así visionou, á paroleira anduriña, Eduardo Pondal:

"Paroleira anduriña,  
sobre o balcón pousada,  
sinxela viaxeira,

chea de doce gracia;  
do rei Tereo esposa  
triste da antiga mágoa".

A anduriña, noutros poemarios de Manuel Maria, aparece como símbolo da nosa emigración con desexos de tornar ao niño común. Neste sentido, o poeta chairego, é continuador daquel discurso e símbolo poético que os poetas do Rexurdimento mantiveron con relación á anduriña, como símbolo dos emigrantes e como evidencia está este poema de Rosalía que trata á anduriña como mensaxeira e prototipo dos emigrantes galegos, ao dicir:

"Anduriña que pasache  
con él as ondas do mar,  
anduriña, voa, voa,  
ven e dime ónde está".

A isto tiñámos que engadir os versos Curros e Cabanillas que enfatizan a interrelación entre anduriña e o emigrante galego.

**AVE FRÍA.** Esta ave fai acto de presenza en Galicia nas crudeis invernadas. Procede de Noruega, fuxindo dos feros xelos árticos, escollendo zonas máis templadas. O poeta menciona a desolación invernal da despovoada Terra Cha coas "xeadas, xistras e aves frías" (páx 50). Tamén, no poema: "Inverno" (páx 160), dice o poeta:



"As bandadas de aves frías  
a berrar polos nabales.  
¡Son moi pequenos os días  
e grandes os temporales!".

A ave fría, pois, neste poemario, é o anunciado dos fortes e feridores invernos.

**CAPÓN.** Na Terra Cha capan os galos e os ceban recluidos na capoeira para vendelos na famosa feira do capón de Vilalba por Nadal. Manuel María coñece e así manifesta este proceso artesanal da mantencia do capón citándoo seis veces no "Terra Cha". En outubro "encerran os capós nas capoeiras" (páx 50), e así pasan unhos meses de inverno ata ser sacrificados (páx 160); en novembro "o capón no poleiro tampouco ha de cantar" (páx 124), pensamos que a mantencia manual, nun mes de capoeira, a súa grosura non lle permite cantar. A ceba do capón faixe con farelos de millo que se lles fai engulir á forza (páx 127). No poema: "Os capós" (páx 155), atopamos toda unha exaltación economicista e os oito versos do poema, retratan fielmente a ceba para despois, o poeta, no remate do proceso ollalos, simbólicamente, nun "peso de bois". O capón de toda a Terra Cha, que se vende na feira de Vilalba, é moi cotizado e apreciado para a celebración do Nadal, como ben expresa o poeta nestes dous versos:

"Hei de mercar en Vilalba, algún día de feirón,

un par de capós cebados e queixos de San Simón".

Despois deste festín estamos seguros que o poeta de Outeiro teña escramado como o fixera hai xa catrocentos anos aquel ilestre bispo de Mondoñedo, Antonio de Guevara: "¡Oh vida vienabenturada la del aldea, a do se comen las aves que son gruesas, son nuevas, son cebadas, son sanas, son tiernas, son manidas, son escogidas y aun son castizas!".

**CORVO.** Hai poucas citas ao corvo no "Terra Cha", só un poema: "O corvo", onde dice:

"O corvo é mouro, agoreiro  
e ten moi duro o acento.  
¡Cando grazna no Xaneiro  
racha en anacos o vento!"

Manuel María esta suxeto a esa idea que en Occidente, sobre todo en Galicia, dásele ao corvo como agoreiro e mensaxeiro da morte. De "duro acento" que "racha en anacos o vento". A coor negra, tristes graznidos e ser carniceiro está catalogado como ave inmunda.

Na cultura galega, moito se ten dito sobre o corvo en lendas, cantigueiros e refraneiros sempre para deostalo. Estas referencias populares, como a que Manuel Maía nos aporta, están en acorde con esa idea que o Antigo Testamento posiciona ao

corvo como ave infidel por non retornar á arca de Noé. A partir daquí, en todo o texto bíblico, aparece como ave de mal agoiro. Aínda que na Grecia o corvo estivera consagrado a Apolo e en varias culturas africanas é o guía do espírito conductor dos mortos para que acaden a gracia e a complacencia dos deuses. No cristianismo é símbolo da suspicacia e da tenebrosidade que é como o noso poeta o concibe e o manifesta.

Na poesía galega aparecen manifestacións non demasiado atraativas porlo corvo, como estes versos de Pondal:

"Feros corvos de Xallas  
que vagantes andás,  
en salvaxe compañía,  
sin hoxe nin mañán".

(...)

"...e das feras bandadas  
dos corvos vagamundos,  
que se espallan de Xallas polas gandraas".

**COTOVÍA.** Esta ave, en Galicia, confúndese bastante coa laverca. Mentras a cotovía é da familia das aláudidas a laverca é das alándidas e son curmáns con variada fisonomía e comportamentos que o poeta as distingue con precisión. As dúas teñen carapucha, cresta ou moño e habitan, comunmente, nos montes de carpazas. Para Manuel María a perfección do canto da cotovía o traspón co cántico poético de Díaz Castro (páx 112).

O mesmo acontece no indicativo que fai da poetisa Prieto Rouco (páx 117). E conclúe no poema: "A cotovía", que dice:

"Cando canta a cotovía  
racha a lumbrigar o día  
e óise un tremor na campía".

Para Manuel María, esta ave, ven sendo unha sublime anunciadora sinfónica dunha nova temporalidade. A cotovía foi de gran estima para os celtas irlandeses, galeses e bretóns que segundo a tradición os celtas libraron unha batalla por causa dun niño de cotovia. Foi unha ave sagrada pola forma de elevarse e remitir súpetamente e pola forma de anunciar a existencialidade do día.

**CUCO.** Á aparición desta ave emigratoria en Galicia, refírese o poeta na páx 123, nestes termos:

"Bótase o millo da xente en Abril  
cando o cuco saíu do seu cubil".

Dice o refran popular: "entre marzo e abril, ou o cuco ou a fin". O cuco, anduriña, rula, verderolo e bubela son os anunciadores dun novo ciclo xerminal: o da primavera. Destas aves emigratorias a Galicia a máis popular é o cuco, dado que se lle ten tratado e erixido nunha serie de ditos, refreáns e

cancións costumbristas que narran o se cucar e as súas conductas. No poema: "O cuco" (páx 185), Manuel María, compón unha graciosa canción de corte popular que perfila e esquematiza a súa propia versión sobre o cuco, dándolle certas prerrogativas.

Parece ser que polo tuteamento que se permite Manuel María, o cuco ven a ser unha especie de ave que trai a promesa de riqueza coa primavera xerminadora que resucita co seu canto a semente amortaxada na terra. Para o poeta inglés William Wordsworth, era un paxaro afortunado por traer a primavera tal como este poeta dice:

"Benvido sexas, favorito da Primavera.

Aínda ti eres para min

Non un paxaro, senón un ser invisíbel

Unha simples voz, un misterio..."

As mesmas circunstancias concurren en Manuel María? Non o sabemos.

**CURUXA.** Só unha cita sobre a curuxa (páx 77) nos dá Manuel María. Desta cita comprendemos o valor que él lle dá a mesma, habitando un espacio nas derroídas torres do "Solar dos Aguiar e dos Andrades". A coloca nese espacio de desolación e tristura. Queremos perceber que o poeta pode que lle destine ese habitáculo a unha ave que nos ámbitos populares galegos non

goza con demasiada simpatía, dado que ao ser nocturna e ter ese berro seco dicen que é premonitora da morte.

Foi o poeta Valentín Lamas Carvajal quen, tamén, atopou nesa desolación e no abandono destas construcións á curuxa:

"Oubia n-a torre  
cantar as curuxas:  
a cova quirida".

Esta ave de mala reputación en Galicia e emblema de Atenea en Grecia e tan estimada por Rabelais, simboliza a clarividencia; a que vence ás tebras da noite e, como apuntou Guénon, é o símbolo do coñecemento racional e perceptora da luz.

**CHOIA.** Manuel María fai que a choia ocupe o mesmo lugar de desolación espacial, xuntamente coa curuxa, que mora nos castelos ou pazos derrubados dos Aguiar e Andrade, as moradas as teñen neses "niños agora de cruxas e de choias" (páx 77). A choia, da familia dos córvidos e de cor gris cincento, acostuma a ter as súas colonias en casas e castelos abandonados e moitas delas en covas e cantiles que se lles dá o nome de "cova de choias". A choia, en Galicia, non ten significado. Isto non acontece na cultura celta irlandesa que seu nome é invocado como deusa da guerra e capaz de transformarse en varias actitudes de agresividade bélica.

## **ESTORNIÑO.**

"¡Ai, estorniño do avelanedo,  
cantades vós e moiro eu e peno:  
de amores hei mal!"

Veleiquei o estorniño cantor inmortalizado nunha cantiga de Airas Nunes. Outra vez aparecen na páx 162, nun fermoso eloxio que Manuel María fai ao fermoso canto dos *estúrnidos*. Para o furioso vento mareiro que chega á Chaira, talvez cruel, desafiante e desafinado, ten un desexo que cando se apacigüe e sexa "vento fino" semelle aos "beizos dun estornino".

**GALO.** "O galo" é un fermoso poema dedicado ao rei do galiñeiro que aparece na páx 151 e que, conceptualmente, é dun logro extraordinario que, no cal, retrata moi ben a esta ave. Manuel María lévanos no, "Espertas as estrelas" a unha dimensión solar á cal pertence o galo en moi diversas culturas, como emblema de orgullo e vencedor da noite polo seu canto ao anunciar o mencer.

Neste despertar das estrelas noturnas o poeta levanos a ese ocultismo simbólico que o galo representa como virtuoso e valeroso representante solar. So o sol-galo tem poderes sobrenaturais para que as estrelas do firmamento desaparezan e o sol resplandeza. O galo, en moitas culturas africanas, é o dador da alba. En Galicia era magnificado por ser o anunciador do abrente; o puntual reloxo que no seu continuado cántico de

mencer despértanos para que comencemos a presenciar a nacencia do sol. E xa en termos místicos é o anunciar da vinda de Xesús, como sustancia solar. O cristianismo deulle esta prerrogativa ao galo como representante e imaxen de Cristo. Non sabemos se o poeta chega a introducirnos nesta dimensión no seu verso de "Espertas as estrelas.

**LAVANDEIRA.** Que lúdica e graciosa é a labandeira cando acompaña ao labrego nas aradas, percorrendo o rego e procurando o seu sostento con esas miñocas e outros ixectos que coa súa captura tanto beneficia aos labregos. Desta suprema e pacífica irmandade entre labregos e labandeiras sae o retrato desmiudadamente de Manuel María, nestes versos da páx 126:

"¡As labandeiras na terra traballada  
andan por entremedias da xugada!"

**LAVERCA.** Xa comentamos a similitude e incluso a confusión que moitos teñen entre a cotovía e a laverca. Manuel María as distingue con precisión e das lavercas ten "señardás dos berros, case ouveos" (páx 49), non sabemos se o dice peioratimamente, pensamos que si. Describe o espacio montesío de carpazas que as lavercas escollen como morada (páx 122). Entre lavercas e carpazas, ese espacio natural, manifesta o poeta esa completa interrelación (páx 182). No poema: "Lavercas" (páx 188), atopamos toda unha descripción dese hábitat soitario dos montes e do cantar esmorecido das lavercas



que él volta a definilo como berros e, incluso, recoméndalle que se relacione co reiseñor para trocar os berros en arrechouchíos. Neste intento de asimilismo, procura o poeta, darlle unha opción á laverca para que poña ledicia en tanta soedade de carpazas.

Neste sentido, Noriega Varela apuntou esta soedade e amor polo espacio montesío, no poema "Laberquiña...":

"Esquence o mar, lembra o gado  
miudo, e o regalado  
vivir, as tumbadas festas,  
e as cantigas dos pastores,  
que fan grinaldas coas frores  
amareliñas das xestas".

**MALVÍS.** Só atopamos unha referencia do malvís, neste libro, que nos describe as preferencias desta ave polas abelairas (páx 79). O malvís é preguizoso en ofrendar a súa arte simfónica, é moi apreciado en Galicia e moitos teñen preferencia por este máis que polo reiseñor. Dendes o meioevo abundaron as lendas sobre o canto que extasiaron a monxes como a paxariña das Cantigas de Alfonso X, o xílgaro de san Ero na cisterciense Armenteira e o malvís do bento mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil. Dícese que foi o canto dun malvís o que extasiou ao abade, deste mosteiro, durante dous centos anos, escoitando seus trinos, sen decatarse que isto acontecera como se o ouvira

en escasos intres. É curioso que Manuel María buscara o espacio dos abelanedos para darlle sentido simbólico e místico ao malvís.

**MELRO.** Os poderosos cantos dos melros de Manuel María infunden e proclaman cancións que aprende e espalla a mesma natureza morta. Ollemos como as abidueiras asimilan o cántico do melro (páx 75):

"A zoca xa é canción  
delgada como asubío  
que aprendeu a abudueira  
dos melros de xunto ó río".

Os compositores románticos rusos imitaron aos cánticos do melro para traducilos en notas musicais, nas súas composicións. A nosa Galicia, que sempre teimou contra o negro como símbolo de morte e luto, deu ao melro un protagonismo especial polo seu belo canto que o poeta o fai trascender máis alá do humano, ata darlle á inerte abidueira, que imita seu canto, ese soído rouco das zocas entre crois e, nelas, o poeta, sente a melodía do melro.

No poema: "O melro" (páx 187), o coloca no espacio dunha silveira, o seu natural, onde se refuxia e pendura o seu niño. Manuel María o convirte como o presaxiador da primavera e é, ao melro, a quen lle concede ese don de cantar de variadas e

sabidas formas:

"¡E o melro, melro, melriño  
canta de moitas maneiras!"

No longo poema de Guerra Junqueiro, titulado: "O melro", este autor, conta unha historia dun crego, depredador de niños de melros, onde se ollá esa vocación do poeta de protector desta especie de *Turdus merula*. Como bon trasmontano que era, principia o poema cunha sentida vocación:

"O melro, eu conheci-o:  
era negro, vibrante, luzidio,  
Madrugador, jovial;  
Logo de manhã cedo  
Começava a soltar, d'entre o arvoredado,  
Verdadeiras risadas de cristal".

**PAZPALLAO.** Manuel María ten unha nítida idea do pazpallao dentro do contexto mítico que desta ave formaron os labregos, que subliman a boa colleita de centeo aos alborzados e onomatopédicos cantos -por non dicir berros- do pazpallao (codorniz). Era precisamente nos agros de centeo -cando estes existían- onde o pazpallao escollía este espacio e que o poeta chairego retrata fielmente, nestes versos (páx 129):

"E o pazpallar, lacazán,

canta a promesa do pan".

No poema, titulado: "O pazpallar" (páx 189), fai un sentido homenaxe a esta ave agoreira de pan granado. Aínda que canta mal, para o poeta, "canta co corazón" e finaliza o poema convidando a esta ave emigratoria a que se quede no crudel inverno ofrecéndolle aquecemento no seu palleiro.

O pazpallao significa calor estival e en moitas culturas orientais, atribuíenlle o don que, como o seu canto, fai madurecer os cereais. É, tamén, un paxaro de carácter cíclico que determina trocos no meio en que habita. Neste sentido é comprensíbel que por abril, cando él chega, o centeo está verde e comenza a madurar na que moitos pensan que o pazpallao é un medium para que madureza e grane o cereal.

Os pazpallaos representan ao maná divino que eles levaron ao deserto, milagrosamente, para que os hebreos non perecesen de fame, Éxodo 16, 13-17. Veleiquí a asociación que pode que faga o povo galego e o poeta como verdadeiro transmisor desta tradición bíblica.

A comprensión de varios poetas galegos sobre a presenza benéfica do pazpallao, como evento de boa anada, pode que Xosé Luis Franco Grande o adiviñe nestes seus versos:

"Entre os centeos canta o paspallás

e algunda cousa madurece no éter".

**PEGA.** Da familia dos córvidos. Indesexada polas xentes do agro por ladroa de frutos, lingoreteira, carniceira e agoreira. Tamén, neste sentido, o poeta a anatemiza na páx 173 e con estes versos:

"Pegas carniceiras de pola en pola ían  
en bandadas agoreiras e doentes".

**REISEÑOR.** Manuel María, para dignificar os versos do poeta vilalbés, António García Hermida o compara co reiseñor (páx 113). Para pasar á páx 188 e dignificar ao reiseñor como mestre de outros paxaros, recomendándolle á laverca que leve a seus laverquiños para que o reiseñor lle ensine seus trinos. Aquí, Manuel María, coincide con Aristóteles, cando este filósofo dixo: "Xa se ten visto a un reiseñor estar ensinando a seu fillo a cantar.

O nome de reiseñor, ven do grego: cantor. Dice Eliano que o reiseñor "é de tódalas aves a de tons máis suxestivos e mais inspirados, e pon encantamento nos eidos máis soitarios e arredados cos trinos millor logrados e máis penetrantes de tódalas aves". Eliano recolle esta testemuña de autores clásicos como Sófocles, Plinio, Homero e Platón, todos eles sensibeis ao fermoso canto do reiseñor.

Houbo outros autores máis próximos á modernidade como Shakespeare que na escea V acto III de "A Traxedia de Romeo e Julieta", que dixo:

"Era o reiseñor e non a laverca  
quen feriu o fondo temeroso do teu ouvido...  
Todas as noites trina naquel granado;  
Créeme, meu amor, era o reiseñor".

Outro autor inglés, John Keats, na súa "Oda a un reiseñor", dice:

"Non é que a túa sorte feliz, abofé, déme envidia,  
Senón que participo demasiado da tuda felicidade,  
Espírito dos bosques, de asas lixeiras".

O reiseñor era para o poeta catalán, Mossen Cinto Verdaguer, un enviado místico para cantar os gozos a Santa María de Vallvidrera, dendes o mencer ata o solpor (cantor da plenitude do día, como un paxaro solar), nestes versos:

"Vostres goigs aquí, oh Maria,  
von hi canta el rossinyol  
cada matí trenc del dia,  
cada tarda al caure'l sol".

O reiseñor é, para moitos, o representante dos poetas que coas

súas composicións saben conmover e crear sentimentos nesa intimidade lírica. Neste sentido, supoñemos que, Manuel María, na última alusión recomenda á laverca que imite dos arrechouchíos do reiseñor. Pode que esta escomenda se traduza nunha alegoría aos poetisos para que imiten o trino dos bos poetas.

**XÍLGARO.** Manuel María, chámalle "voz de xilgaro" á poetisa Carmiña Prieto Rouco (páx 117). Entendemos que aínda que ao xilgaro non o posiciona na mesma altura que ao reiseñor, estamos ante un cramoroso eloxio en favor deste excelso paxariño cantareiro.

### Mamíferos

**BOI.** Manuel María, compara a lentitude do Miño, no seu paso pola Terra Cha, co "paso de boi" (páx 47). Coidamos que o paso lento que fai nas aradas, abrindo canles de sementeira e abrindo camiños é toda unha metáfora comparativa entre o paso lento do boi de aradas como río Miño. Na páx 126 fálanos da utilidade imprescindible do boi facendo a "sucada". Para dicirmos, signóticamente, do pouco que saben "homes e bois" dese gran misterio da sementeira. Tamén compara -como xa fica dito- o peso dos capós co peso dos bois.

Realmente, a presenza e a utilidade doméstica que prestou o boi á economía labrega foi moi particular e de gran alcance que

para moitos poetas non pasou desapercibido. Ollemos esta extraordinaria evocación do poeta Lorenzo Varela:

"Xunguidos ó carro dos chantos  
fendían os regos, espallaban os croios,  
levaban nos lombos o sol da xesteira  
e no peito de touros e orballos".

**CABALO.** Pensamos que na páx 46, o poeta, refírese aos cabalos bravos que habitan parte da serra de Meira no concello da Pastoriza ou pode que o poeta refírase a outro lugar da Terra Cha. Dice que gallopan desbocados por él mesmo como anterigos soños que xurden como lembranza de algo. Suxire, neste texto, certo simbolismo entre o poder do cabalo e eses "anterigos soños" que o poeta agarda que o lector llos faga seus.

**CAN.** Tememos que Manuel María tivera algun percance cos cans porque, realmente, non manifesta gran simpatía por eles no "Terra Cha". Sospeitamos que na casa de Hortas, en Outeiro de Rei, non tuveran can por algún motivo. Na páx 60 manifesta a inutilidade e a nula eficacia productiva dos cans que manifesta nestes dous versos:

"Os cas, entre as casas, a folgar,  
ladrando por ladrar".

Na páx 150, no poema: "Cás", escrarece, en parte, esa teima



contra o ouveo fúnebre que o povo galego tanto o ten reparado como presaxio de morte e que, Manuel María, pode que estea neste rol, cando afirma:

"A noite é un medo escuro.

Andan os cás a ladrar  
con un ouveo tan duro  
que non deixa de soar.

O ouveo dos cás pon medo  
nas noites da Terra Cha.  
¡Semella un agoiro inqueda  
que chega do máis alá!"

Estas predisposicións premonitorias manifestan esa verdade mítica da transcendencia da morte dun familiar, amigo ou coñecido que supostamente é detectada e manifestada no ouveo dos cans. Sobre este particular xa temos referenciano no noso libriño, titulado: "Lectura e itinerario posíbel polo "Terra Cha" de Manuel María".

En moitas culturas, sobre todo nas precolombinas de mesoamerica, o can é un indispensábel guía do difunto e, tamén, o que visita a seus amos no inferno. O cristianismo sempre o asociou a un animal con certos poderes tráxicos, recollendo a tradición antigo testamentaria.

Outra das mencións que fai ao can é na páx 168, cuia utilidade e a de rimar con "mañán".

**PORCO.** O porco, na sociedade galega, xugou un papel importante na manutención tradicional. A cultura alimenticia que promocionou e promociona o porco en Galicia, polo esmerado aproveitamento e selección cárnica, sempre foi a riqueza de calquer fogar galego. Manuel María, nas catro citas que fai do porco no "Terra Cha" fálanos dos diversos procesos de engrosamento e matanza. Dice: "Polo San Martiño o porco non ha de berrar" (páx 124), dando a entender que o porco non a de demandar comida dado que xa ten que estar cebado, tal como mándan os cánones tradicionais da mata do porco e como ben dice o refraneiro: "Polo san Martiño mata o teu porquiño". Na páx 128 fala do produto con que cebalos:

¡Ainda que non dean cartos, as patacas  
ceban os porcos e fan medrar as vacas!"

Sobre a alimentación fundamental que representan os nabos dice na páx 135:

"Os carolos -¡hai que velos!-  
os porcos que están criando".

No poema: "Porcos da ceba" (páx 152), o poeta tenta facer unha crónica ou reconstrucción e, tamén, o laudemus da matanza que

én Galicia é unha especie de festa grande ou ceremonial onde se reúne a familia e amigos. Unha especie de tributo ao traballo dos que ceban e aos frutos que engordan ao porco: patacas, nabos, millo, castañas e landras.

**VACA.** A economía labrega sería pouca cousa sen o gran aporte que prestaron as vacas, a tódolos niveis. Manuel María, nos seguintes versos, danos unha interesante visión social do que representa a vaca (páx 73), cando dice:

"¡Vendín en Vilalba a Teixa,  
quedei sen vaca pra arar!"

Estos dous versos ponnos xusto no contexto de Rosalía, cando dice:

"Vendéronll' os bois,  
vendérenll' as vacas".

Isto significa vender o millor tesouro da casa para pagar a pasaxe como emigrante ou pagar tributos ao fisco. No caso de Manuel María é evidente. Como pode un labrego vender a vaca se é qué a necesita para arar?

No poema: "A xata" (páx 148), o poeta entra minuciosamente a verificar o tipo da raza amarela, ou galega, e fala do proceso da becerra (primeira idade da vaca) e da xata (no periodo de

procriar), para darnos a medida xusta do seu valor, ao dicir: "¡Esta xata non ten venda!". E mentras a mantén, sobranceiramente, pide ao eremita San Antón, patrón dos animais, que non confunde co San Antonio de Lisboa ou de Padua, a súa defensa.

No poema: "Gando" (páx 147), observamos que as vacas lles chama gando, no intre de describilo: "cornas levantadas"; "e o paso lento cando fai arada"; "leiteiro e comedor". Neste caso, tamén o ofrece a San Antón.

### Insectos

**AVELAIÑA.** Compara as "verbas acesas de tenrura" do poeta García Mato, co "doce voar de avelaiñas" (Páx 118). Manuel María soupo crear un símbolo moi suxestivo sobre as verbas centradas do poeta que circundan un centro de luz, igoal que a avelaiña: esa borboreta nocturna que dá voltas ao redor dunha determinada luz e que para os labregos é símbolo de comunicación e agoreira de boa sorte que leva a esa casa unha determinada mensaxe ou comunicación benéfica.

**GRILO.** Este ledicioso insecto aparece no poema: "O grilo" (páx 149). Este *Ortóptero* procura o calor das cociñas e dos fornos. Manuel María o localiza nunha lareira chairega. Non é difícil que na Terra Cha entren os grilos á lareira dado que a

estructura arquitectónica reserva á lareira, ou cociña, a parte terrea ou rentechao da casa.